

Novembro 2017

O MECD pecha unhas negociacións de acceso aos corpos docentes atadas desde o principio por un mal acordo de redución da temporalidade

A CIG-Ensinio demándalles ao Ministerio e ao resto de sindicatos da Mesa de Madrid a anulación do Acordo de marzo de 2017 que deu lugar á situación actual e a eliminación permanente e definitiva da taxa de reposición no ensino público

Finalmente confirmouse o que desde a CIG-Ensinio denunciámos desde a primeira reunión da negociación do acceso á función pública docente para os próximos anos. O MECD deu por definitiva a redacción do texto de modificación do RD 276/2007 entregada na anterior reunión, logo de xuntarse coas CC.AA. na Comisión Sectorial de Educación.

A Mesa non deu para máis. De feito só serviu para que o Ministerio comunicase o xa previsto durante as negociacións e tralo remate da última reunión: **manterase o carácter eliminatorio dos exames da fase de oposición e os temarios non entrarían en vigor antes do 2020.**

O MECD, escondéndose tras un informe da avogacía do Estado do cal non se fixo entrega na Mesa, confirmou que aplicará a posición política, que non xurídica, que defendeu desde o inicio, ao manter o carácter



eliminatório das partes da fase de oposición. Desde a CIG-Ensinio restamos todo tipo de relevancia a ese documento xa que, segundo afirma Suso Bermello, secretario nacional da central nacionalista: *“é imposible, atendendo á lexislación actual, que ningún gabinete xurídico de ningún Ministerio nin de ningunha organización sindical poidan poñer en tea de xuízo a legalidade do carácter non eliminatorio dos diferentes exames da fase de oposición, mantendo a obriga de aprobar no seu conxunto esta fase”.*

Eliminación permanente da taxa de reposición

A CIG-Ensinio puxo de manifesto na Mesa a súa crítica a todo o proceso que nos trouxo a este peche en falso

da negociación e pediu-lles expresamente aos membros da Mesa, tanto en representación do MECD como das demais OO.SS., que se anulase o acordo do 29 de marzo de 2017 no ámbito educativo, procedendo a eliminar dunha maneira permanente e definitiva a taxa de reposición no ensino público.

Unha demanda da CIG-Ensinio que coincide coa posición que expresaron os máximos representantes das CC.AA. na Comisión Xeral de Educación. É dicir, **as administracións que teñen as competencias de xestión do persoal docente están de acordo en que non debería existir taxa de reposición.**

Na Mesa, a CIG-Ensinio incidiu no que todas e todos sabemos: a xurisprudencia emanada do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) nestes últimos anos, na que os xuízos gañados polos servizos xurídicos da CIG tiveron un papel fundamental (trienios, sexenios, cobro das vacacións non gozadas), implica un igual trato nas condicións de traballo e

nas retribucións do persoal interino ao respecto do fixo. Por outro lado, levamos máis dun ano coa incerteza sobre o dereito a indemnización por cese do profesorado interino, con sentenzas en todos os sentidos, mais coa incerteza de como acabarán os recursos pendentes do Tribunal Supremo e novamente do TXUE. “Isto explica que ao Estado non lle saia a conta manter as altas porcentaxes de interinidade que existen no sector público” indica o representante da CIG Ensino.

Por tanto, ese mal acordo tiña catro trampas que quedan totalmente ao descuberto:

- O acordo consiste en recoñecer que se mantén unha taxa de reposición do 100%, é dicir, só se poden ofertar as prazas produto de xubilacións.
- O acordo asume que non se poden incrementar os cadros de persoal coas ofertas de prazas nas oposicións e que estas se deben limitar aos actuais postos, **dando por bos os recortes destes últimos anos.**
- O acordo é de carácter global para toda a función pública. Non partiu en ningún momento da realidade do ensino público e da xestión descentralizada do persoal nas diferentes CC.AA. (O MECD só ten competencias en Ceuta e Melilla), polo que o que pretenden os sindicatos asinantes e o Goberno é condicionar as negociacións que se poidan levar adiante en países como Galiza, que ten plenas competencias para decidir cantas prazas oferta.
- **O acordo non fixou ningún compromiso sobre como debería ser o sistema de acceso á docencia,** polo que lle deixou as mans libres ao PP para impo-

ñer o seu criterio na Mesa Sectorial, malia que agora se queixen as organizacións sindicais que lle deron carta branca.

Este é o marco no que se moveu esta falsa negociación: cartas marcadas desde o principio con pequenas concesións (aumento de temas a elixir, maior ponderación da fase de concurso e, dentro desta, da experiencia docente) que, como xa dixemos, **non serve para nada se non existen garantías de que realmente se aplique un concurso oposición e non unha oposición,** como vén acontecendo nestes últimos anos con carácter absolutamente maioritario.

Que implicaría a eliminación da taxa de reposición?

Nin máis nin menos que volver á situación que até o ano 2010 vivimos no ensino público: que as administracións educativas non tivesen límite á hora de decidir cantas prazas ofertan nas oposicións e que estas non garden relación coas xubilacións. Así, a Xunta podería sacar todos os anos aquelas prazas que, previa negociación na Mesa Sectorial galega, queira; sempre co tope que a propia Xunta fixe nos seus orzamentos.

Os temarios, unha nova tomadura de pelo

O día 17 de xaneiro está prevista unha primeira Mesa para debater os temarios propostos polo MECD que, segundo confirmaron, non entrarían en vigor antes de 2.020. O director xeral chegou a recoñecer que **nin sequera existen garantías de que, finalmente, os temarios cheguen a aprobarse,** xa que non se pode descartar que o tan cacarexado Pacto pola Educación implique unha modificación en profundidade do sistema de ingreso na docencia.

Por iso, a CIG-Ensino insistiu na súa demanda de que os temarios non poiden entrar en vigor nestes próximos anos e que resulta totalmente impropio abrir un debate en falso, trasladándolles ás persoas que vaian opositar nos próximos anos unha maior incerteza. Calquera posíbel cambio debe vir precedido da determinación do que se chegue a pactar aos efectos do cambio da LOMCE, se é que iso se produce e sobre o que a CIG-Ensino non alberga ningunha esperanza.

O centralismo que non cesa

A CIG-Ensino mostrou o seu malestar porque tanto o MECD como os sindicatos asinantes do acordo sigan a negociar, de costas á Mesa Sectorial, os criterios que pretenden que as CC.AA. asuman en canto ao número de prazas. É o paradigma do centralismo. Pretenden restrinxir aínda máis a escasa marxe competencial que administracións como a Xunta teñen. O director xeral asumiu novamente que só poden dar indicacións e criterios, mais que non poden obrigar as CC.AA.; indicou que a Mesa Sectorial, porque así llo piden os sindicatos estatais, revisará en setembro de 2018 o cumprimento deses criterios por parte das CC.AA.

A CIG-Ensino interpelou directamente o máximo responsábel do MECD para saber que faría o Goberno se algunhas CC.AA. deciden exercer as súas funcións en materia de persoal, sen coincidir con eses criterios que lle envíen de Madrid. A resposta deulle tamén a propia CIG. Nada. Nada farían porque nin o MECD nin a Mesa Sectorial de Madrid teñen esas competencias das que pretenden apropiarse, polo que sería bo deixar de lado os debates dunha Mesa que perde boa parte do tempo en discutir sobre o que non lle compete.

MODIFICACIÓNS DO RD 276/2007 QUE REGULA O ACCESO AOS CORPOS DOCENTES

CAMBIOS NO BAREMO

Puntuación máxima do concurso	10 puntos	
Experiencia docente (máx. 7 ptos)	Por cada ano de experiencia en especialidades do corpo ao que se opta en centros públicos	0,700 puntos
	Por cada ano de experiencia en especialidades de diferentes corpos ao que se opta en centros públicos	0,350 puntos
	Por cada ano de experiencia en especialidades do mesmo nivel educativo noutros centros	0,150 puntos
	Por cada ano de experiencia en especialidades de diferentes niveis educativos noutros centros	0,100 puntos
Formación académica	5 puntos	
Outros méritos	2 puntos	

PONDERACIÓN CONCURSO-OPOSICIÓN

Fase de oposición	60%
Fase de concurso	40%

NÚMERO DE TEMAS A EXTRAER NA PROBA TEÓRICA

Especialidades con 25 temas ou menos	Elección entre tres temas
Especialidades con entre 26 e 50 temas	Elección entre catro temas
Especialidades con máis de 50 temas	Elección entre cinco temas

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasanteria 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal